

COMUNICADO DE PRENSA

O CARBALLIÑO 29/07/16

PARTIDO POPULAR DO CARBALLIÑO DENUNCIA INFORMACION ERRONEA POR PARTE DO CONCELLO A HORA DE CONTABILIZAR UN PRAZO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES DE TRABALLO E INFORMAR MAL AOS INTERESADOS

SOLICITA SE HABILITE UN NOVO PRAZO PARA PRESENTAR INSTANCIAS.

Dunha mala información se coarta o dereito de persoas a concursar por un posto de traballo.

Existe na actualidade tres procedementos de contratación de persoal no concello do Carballiño:

Monitores de Fútbol e Fútbol Sala
Profesor para o Conservatorio de Música
Coordinador para Plan de Emprego.

Todos estes procedementos tiveron publicación no BOP e en Prensa o pasado martes 26 de xullo e no anuncio se di que o prazo para presentación de instancias é de 5 días naturais a contar dende o seguinte á publicación.

Resulta que o día de finalización dos 5 días naturais coincide a Domingo día 31 de xullo.

A este respecto estamos a ter coñecemento de varios interesados en algún destes postos de traballo que se lles di por parte de traballadores municipais que o derradeiro día para presentar a solicitude é o sábado 30 de xullo.

Débese de recordar o artigo 48.3 da Lei 30/1992 de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, co texto consolidado do 2 de outubro de 2015, que ven a dicir:

“Cando o derradeiro día de presentación coincida a Domingo ou festivo, o prazo rematará o seguinte día hábil.”

EN APLICACION Á LEI, O PRAZO DE FINALIZACION DE SOLICITACIONES DEBERIA DE SER O LUNS 1 DE AGOSTO E NON O SABADO 30 DE XULLO.

Estase a confundir a moita xente nun asunto de vital importancia para a sociedade, que é o traballo e o dereito a acceder ao mesmo.

Descoñecemos a que se debe esta mala información que se lle está dando aos interesados, pero tamén é certo que non dan explicación razonada algunha a quenes teñen solicitado información telefónicamente ou en persoa.

O certo é que existen persoas que feita a pregunta hoxe e ante a contestación de que remata mañá sábado o prazo, desisten de presentar ofertas, por cuestión de dificultade para recopilar a documentación precisa, facendo dunha mala información municipal, unha traba para conquistar concursar por un posto de traballo.

Faise preciso, rectificar por parte do Concello, e darlle unha solución a esta situación que se está a crear, e tamén pensamos que non é suficiente, logo de dar mal a información dende o martes, que poidese considerar suficiente, dicir agora que o prazo realmente é o luns.

E tampouco podemos admitir que se nos poida dicir que faltamos á verdade cando decimos que se está informando desta forma, pois existen testimonios que así o acreditan.

Por todo isto, se ten solicitado por formalmente por rexistro o seguinte:

Se habilite un novo proceso de selección para estas prazas.

Se determine de onde sae esta información errónea que se fai nunha cousa tan sinxela como contabilizar un prazo administrativo.